

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

6250 *Real decreto 562/2017, do 2 de xuño, polo que se regulan as condicións para a obtención dos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharel, de acordo co disposto no Real decreto lei 5/2016, do 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.*

Con data do 21 de decembro de 2016, o Congreso dos Deputados acordou validar o Real decreto lei 5/2016, do 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, publicado no «Boletín Oficial del Estado» número 298, do 10 de decembro de 2016.

Mediante a dita norma estableceuse unha ampliación do prazo inicialmente previsto na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a implantación das avaliacións finais de etapa, de maneira que, ata a entrada en vigor da normativa resultante do Pacto de Estado social e político pola educación, estas probas teñan carácter mostral e finalidade diagnóstica e non teñan efecto ningún para a obtención dos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharel, e a súa organización e desenvolvemento non afecte o funcionamento ordinario das administracións educativas e dos centros docentes.

O Real decreto lei 5/2016, do 9 de decembro, establece a adecuación do réxime xurídico das avaliacións finais de etapa e modifica as condicións para a obtención dos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e bacharel. Para o resto das ensinanzas en que estivese prevista a posibilidade de realizar as ditas avaliacións e ás cales o Real decreto lei 5/2016, do 9 de decembro, non se refire de forma directa, debe terse en conta que, sempre que isto non se opoña á normativa que continúa vixente, a interpretación da norma deberase facer entendendo, en último termo, que as modificacións introducidas no dito calendario principalmente están orientadas a lle garantir ao alumnado das distintas ensinanzas o mantemento das condicións de titulación existentes antes da modificación da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, realizada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro.

Co obxecto de dar cumprimento ao anterior, procede agora determinar as condicións para a obtención dos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharel ata a entrada en vigor da normativa resultante do mencionado pacto. Así mesmo, é preciso modificar o Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, no relativo á regulación da educación de persoas adultas.

Finalmente, modifícase o Real decreto 1850/2009, do 4 de decembro, sobre expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, co obxecto de establecer o novo modelo xeral do texto do título de graduado en educación secundaria obrigatoria expedido conforme o establecido no presente real decreto e o modelo xeral do texto de título de graduado en educación secundaria obrigatoria expedido de acordo coa disposición transitoria única do Real decreto 1058/2015, do 20 de novembro, polo que se regulan as características xerais das probas da avaliación final de educación primaria establecida na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.30.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado as competencias para regular as condicións de obtención, expedición e homologación dos títulos académicos e profesionais. De acordo coa xurisprudencia do Tribunal Constitucional, é posible a intervención excepcional do regulamento na

delimitación do básico, entre outros supostos, cando a utilización do regulamento resulte xustificada polo carácter marcadamente técnico da materia.

Na elaboración do presente real decreto foron consultadas as comunidades autónomas no seo da Conferencia de Educación, emitiu informe o Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais e, ditame o Consello Escolar do Estado.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de xuño de 2017,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto determinar, ata a entrada en vigor da normativa resultante do Pacto de Estado social e político pola educación, as condicións para a obtención dos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharel de acordo co disposto no Real decreto lei 5/2016, do 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Artigo 2. *Título de graduado en educación secundaria obrigatoria.*

1. Os alumnos e alumnas que obtivesen unha avaliación, ben positiva en todas as materias ou ben negativa nun máximo de dúas, sempre que estas non sexan de forma simultánea Lingua Castelá e Literatura, e Matemáticas, obterán o título de graduado en educación secundaria obrigatoria. Para estes efectos:

- a) A materia Lingua Cooficial e Literatura terá a mesma consideración que a materia Lingua Castelá e Literatura naquelas comunidades autónomas que posúan lingua cooficial.
- b) As materias coa mesma denominación en diferentes cursos de educación secundaria obrigatoria consideraranse como materias distintas.
- c) Sen prexuízo do anterior, para obter o título será preciso que o equipo docente considere que o alumno ou alumna alcanzou os obxectivos da etapa e adquiriu as competencias correspondentes.

2. No título deberá constar a cualificación derradeira da educación secundaria obrigatoria. A cualificación derradeira da etapa será a media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas en educación secundaria obrigatoria, expresada nunha escala de 1 a 10 con dous decimais, redondeada á centésima.

3. No caso do alumnado que, ben por incorporarse de forma tardía, ben por realizar parte dos seus estudos nalgún sistema educativo estranxeiro, non cursase no sistema educativo español a educación secundaria obrigatoria na súa totalidade, o cálculo da cualificación derradeira da etapa farase tendo en conta unicamente as cualificacións obtidas no sistema educativo español, sen prexuízo do establecido ao respecto en acordos ou convenios internacionais.

4. No caso do alumnado que finalice a etapa despois de cursar un programa de mellora da aprendizaxe e o rendemento, o cálculo da cualificación derradeira farase sen ter en conta as cualificacións obtidas en materias que non superase antes da data da súa incorporación ao programa, cando as ditas materias estivesen incluídas nalgún dos ámbitos previstos no artigo 19.3 do Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, e o alumno ou alumna superase o dito ámbito.

5. Así mesmo, os alumnos e alumnas que obteñan un título de formación profesional básica poderán obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria, sempre que, na avaliación final do ciclo formativo, o equipo docente considere que alcanzaron os

obxectivos da educación secundaria obrigatoria e adquiriron as competencias correspondentes.

Nestes casos, a cualificación derradeira de educación secundaria obrigatoria será a cualificación media obtida nos módulos asociados aos bloques comúns previstos no artigo 42.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

6. No caso de que se obteña o título de graduado en educación secundaria obrigatoria por superar a proba para persoas maiores de dezoito anos, a cualificación derradeira de educación secundaria obrigatoria será a obtida nesta proba.

7. Os títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria expedidos conforme o disposto no presente artigo permitirán acceder indistintamente a calquera das ensinanzas postobrigatorias recollidas no artigo 3.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Artigo 3. *Título de bacharel.*

1. Para obter o título de bacharel será necesaria a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato. A cualificación derradeira da etapa será a media aritmética das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas no bacharelato, expresada nunha escala de 0 a 10 con dous decimais, redondeada á centésima.

2. O alumnado que se encontre en posesión dun título de técnico ou de técnico superior de formación profesional, ou de técnico das ensinanzas profesionais de Música ou de Danza, poderá obter o título de bacharel cursando e superando as materias xerais do bloque de materias troncais da modalidade de bacharelato que o alumno ou alumna elixa.

3. Nos supostos a que se refire o parágrafo anterior, a cualificación derradeira da etapa obterase do seguinte modo:

a) Para o alumnado que obteña o título de bacharel por encontrarse en posesión dun título de técnico ou de técnico superior de formación profesional, a cualificación derradeira será a media aritmética das cualificacións obtidas nas materias xerais do bloque de materias troncais da modalidade correspondente, expresada nunha escala de 0 a 10 con dous decimais, redondeada á centésima.

b) Para o alumnado que obteña o título de bacharel por encontrarse en posesión dun título de técnico das ensinanzas profesionais de Música ou de Danza, a cualificación derradeira será a media aritmética das cualificacións obtidas nas materias xerais do bloque de materias troncais da modalidade cursada e das materias dos cursos 5.º e 6.º das ensinanzas profesionais de Música ou de Danza na correspondente especialidade, expresada nunha escala de 0 a 10 con dous decimais, redondeada á centésima. No caso do alumnado que accedese directamente a 6.º curso das ensinanzas profesionais de Música ou de Danza, para o cálculo da nota media serán consideradas as cualificacións das materias do dito curso e das materias xerais do bloque de materias troncais da modalidade cursada.

4. No título deberá constar a modalidade pola cal o alumno ou alumna tivese cursado o bacharelato, así como a cualificación derradeira da etapa.

5. Os títulos de bacharel expedidos conforme o disposto neste artigo permitirán acceder ás distintas ensinanzas que constitúen a educación superior establecidas no artigo 3.5 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas as seguintes normas:

a) Disposición adicional primeira do Real decreto 1631/2006, do 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas correspondentes á educación secundaria obrigatoria.

b) Disposición adicional primeira do Real Decreto 1467/2007, do 2 de novembro, polo que se establece a estrutura do bacharelato e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.*

Modifícase a disposición adicional cuarta do Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional cuarta. *Educación de persoas adultas.*

1. De acordo co disposto no artigo 68.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, as persoas adultas que queiran adquirir as competencias e os coñecementos correspondentes á educación secundaria obrigatoria contarán cunha oferta adaptada ás súas condicións e necesidades, que se rexerá polos principios de mobilidade e transparencia e que se poderá desenvolver a través do ensino presencial e tamén mediante a educación a distancia.

2. Co obxecto de que o alumnado adquira unha visión integrada do saber que lle permita desenvolver as competencias da aprendizaxe permanente nun contexto global, e para mellorar a súa capacidade de adaptación aos cambios sociais e económicos a que está sometida a sociedade actual, as ensinanzas de educación secundaria para as persoas adultas poderán integrar as opcións de ensinanzas académicas e aplicadas e poderanse organizar de forma modular en tres ámbitos de coñecemento e dous niveis cada un deles:

a) Ámbito de comunicación, no cal se integrarán elementos do currículo recollidos no anexo I deste real decreto, referidos ás materias Lingua Castelá e Literatura e Primeira Lingua Estranxeira. Ademais, incorporará a materia Lingua Cooficial e Literatura naquelas comunidades autónomas con lingua cooficial.

b) Ámbito social, no cal se integrarán elementos do currículo recollidos no anexo I deste real decreto, relacionados coa materia Xeografía e Historia.

c) Ámbito científico-tecnolóxico, no cal se integrarán elementos do currículo recollidos nos anexos I e II do presente real decreto, relacionados coas materias Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía, Matemáticas, Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas, Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas e Tecnoloxía.

Ademais, en todos ou nalgúns dos tres ámbitos descritos, poderanse incorporar elementos do currículo recollidos no anexo II deste real decreto, relacionados coas materias Educación Plástica, Visual e Audiovisual, Música, Educación Física, Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional, Cultura Clásica, Economía, Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial, Tecnoloxías da Información e a Comunicación, así como outros aspectos que proporcionen ao alumnado as destrezas necesarias para o seu desenvolvemento persoal, social e profesional no mundo actual.

3. A organización destas ensinanzas deberá permitir a súa realización en dous cursos.

4. A superación dalgún dos niveis correspondentes a cada un dos tres ámbitos a que fai referencia o punto segundo terá validez en todo o Estado. A superación de todos os ámbitos dará dereito á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

5. Correspóndelles ás administracións educativas, no ámbito das súas competencias, organizar periodicamente probas para que as persoas maiores de dezaioito anos poidan obter directamente o título de graduado en educación

secundaria obrigatoria, sempre que alcancen as competencias básicas e os obxectivos da etapa. Estas probas organizaranse con base nos tres ámbitos de coñecemento citados.

6. De acordo co disposto no artigo 69.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, correspóndelles ás administracións educativas organizar periodicamente probas para que as persoas maiores de vinte anos poidan obter directamente o título de bacharel, sempre que demostren ter alcanzado os obxectivos do bacharelato, establecidos no artigo 33 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, así como os fixados nos elementos do currículo regulados neste real decreto. As ditas probas organizaranse de xeito diferenciado segundo as modalidades do bacharelato.

7. Así mesmo, co fin de adaptar a oferta do bacharelato aos principios que rexen a educación de persoas adultas, nas ditas ensinanzas non será de aplicación o disposto no artigo 32 deste real decreto.

8. Correspóndelles ás administracións educativas establecer os procedementos para o recoñecemento da formación do sistema educativo español que o alumnado acredite e a valoración dos coñecementos e experiencias previos adquiridos a través da educación non formal, co obxecto de proceder á súa orientación e adscrición a un nivel determinado dentro de cada un dos ámbitos de coñecemento.

9. Nos centros docentes autorizados para impartir ensino a distancia de persoas adultas, as avaliacións finais para a obtención dos títulos oficiais previstos neste real decreto serán realizadas na forma que determinen as administracións educativas que autorizasen ou ás cales estean adscritos os ditos centros.

Se o alumno ou alumna reside fóra da localidade en que estea situado o centro autorizado, as avaliacións externas poderanse realizar fóra da dita localidade, de acordo co establecido por convenio de colaboración entre os centros de educación a distancia de persoas adultas, ou a través doutras formas que garantan o correcto desenvolvemento das probas.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1850/2009, do 4 de decembro, sobre expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

Modifícase o Real decreto 1850/2009, do 4 de decembro, sobre expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da seguinte forma:

Un. Modifícase o número 1 do artigo 2, que queda redactado como segue:

«1. Os títulos serán expedidos en nome do rei polo ministro de Educación, Cultura e Deporte ou polo titular do órgano correspondente da comunidade autónoma de que se trate, de acordo cos modelos que se inclúen como anexos I, I bis, I ter, I quater e I quintus, segundo corresponda, e coa totalidade dos elementos identificativos que figuran nel. A denominación dos títulos quedará reservada en exclusiva para cada un deles.»

Dous. Incorpórase un anexo I quater, coa seguinte redacción:

«ANEXO I QUATER

Modelo xeral do texto do título de graduado en educación secundaria obrigatoria expedido en aplicación do disposto no Real decreto lei 5/2016, do 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa e a súa normativa de desenvolvemento

FELIPE VI, REI DE ESPAÑA

e no seu nome o/a (1)

Considerando que, conforme as disposicións e circunstancias previstas pola lexislación vixente,

Don/dona, nado/a o día de de en....., de nacionalidade, con DNI, pasaporte ou NIE, superou os estudos regulados en (2)..... e en (3)....., e cumpre os requisitos de titulación en (4)....., en (5)....., coa cualificación de....., expide ao seu favor o presente título de graduado/a en educación secundaria obrigatoria, con carácter oficial e validez en todo o territorio español, que o faculta para exercer os dereitos que a este título outorgan as disposicións vixentes.

Lugar,..... de..... de.....

O/a interesado/a,	O/a (1)	O/a director/a xeral de..... ou titular do órgano competente.
-------------------	---------	---

(1) O ministro de Educación ou o titular do órgano correspondente da comunidade autónoma respectiva.

(2) Real decreto polo que se establece o currículo básico de educación secundaria obrigatoria.

(3) Norma que aproba o currículo.

(4) Centro docente onde o alumno finalizou os correspondentes estudos (con expresión da súa denominación, municipio e provincia).

(5) Mes e ano de finalización dos estudos ou superación da proba derradeira.»

Tres. Incorpórase un anexo I quintus, coa seguinte redacción:

«ANEXO I QUINTUS

Modelo xeral do texto do título de graduado en educación secundaria obrigatoria expedido de acordo coa disposición transitoria única do Real decreto 1058/2015, do 20 de novembro, polo que se regulan as características xerais das probas da avaliación final de educación primaria establecida na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación

FELIPE VI, REI DE ESPAÑA

E no seu nome o/a (1)

Considerando que, conforme as disposicións e circunstancias previstas pola lexislación vixente,

Don/dona....., nado/a o día de de en....., de nacionalidade, con DNI, pasaporte ou NIE n.º....., cumpre os requisitos establecidos na disposición transitoria única do Real decreto 1058/2015, do 20 de novembro, expide ao seu favor o presente título de graduado/a en educación secundaria obrigatoria, coa cualificación derradeira de..... (2), solicitado no centro (3), con carácter oficial e validez en todo o territorio español, que o faculta para exercer os dereitos que a este título outorgan as disposicións vixentes.

Lugar,..... de de

O/a interesado/a,	O/a (1)	O/a director/a xeral de..... ou titular do órgano competente.
-------------------	---------	---

(1) O ministro de Educación, Cultura e Deporte ou o titular do órgano correspondente da comunidade autónoma respectiva.

(2) Cualificación derradeira segundo o disposto na disposición transitoria única do Real decreto 1058/2015, do 20 de novembro.

(3) Centro educativo en que se solicitou o título correspondente (con expresión da denominación, municipio e provincia).»

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.30.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais.

Disposición derradeira cuarta. *Desenvolvemento.*

Facúltase a persoa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para ditar cantas disposicións requira a aplicación do disposto neste real decreto, sen prexuízo das competencias que corresponden ás comunidades autónomas.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de xuño de 2017.

FELIPE R.

O ministro de Educación, Cultura e Deporte,
ÍÑIGO MÉNDEZ DE VIGO Y MONTOJO